



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membiola Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xosé Manuel
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Pena Rodríguez, Alberto
Pereira Domínguez, Alejandro
Suciro Justel, Joaquín
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES:

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

Molares Pérez, Lucía

DESCULPAN ASISTENCIA

Fariñas Valiña, Iago
Ortiz Torres, Luis
Pousada Carballo, José María

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 13 de febreiro de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 13 de febreiro de 2008, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, do plano de estudos do Grao de Belas Artes.

Inicia a sesión o vicerreitor de Planificación, quen actúa como presidente do Consello de Goberno ante a ausencia do reitor, coa lectura do artigo 8.2 da LOU que alude á competencia do Consello de Goberno para aprobar as propostas de planos de estudo.

Seguidamente, cede a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que o plano de estudos de Belas Artes (**anexo I**) é o primeiro plano de estudos que se presenta pola Universidade de Vigo, e cumpre toda a normativa vixente, tanto do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais como das Liñas xerais para a implantación de estudos de grao e posgrao no SUG, aprobadas polo pleno do Consello Galego de Universidades do 5 de novembro de 2007. Expón tamén a vicerreitora o procedemento seguido para a súa aprobación: aprobación pola Xunta de Facultade de Belas Artes o 31 xaneiro de 2008, unha vez rematado o período de exposición pública. O 8 de xaneiro a COAP informa favorablemente.

Non está incluído no plano de estudos o sistema de control de calidade, non porque non estea senón porque a Facultade de Belas Artes está no programa Fides.

Finalmente, o Consello Social informou favorablemente o día 11 de febreiro o plano de estudos.

Ao final da súa intervención felicita e agradece a Facultade de Belas Artes o feito de ter aprobado este plano nun tempo curto con moito traballo e aínda con incertidumes a nivel lexislativo.

Intervén despois o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado para por de manifesto que na COAP de 8 de febreiro presentouse o plano de estudos de Belas Artes que suscitou debate, sobre todo no tema relativo aos recursos humanos. O informe baséase en dous aspectos: compromiso sobre dispoñibilidade de recursos (feito o estudo, demostrouse que é viable); e a implantación para decidir se se facía curso a curso o por bloques. A COAP informou favorablemente.

O vicerreitor de Planificación sinala pola súa parte que as implicacións co novo plano de estudos en planificación tampouco teñen ningún problema coa infraestrutura e equipamentos docentes.

Cédese a palabra o decano de Belas Artes para manifestar que non vai entrar en detalle sobre o plano, simplemente quere facer un comentario de cómo se ten vivido esta elaboración do plano de estudos. No inicio do proceso, sinala que dende o centro se tiña claro que era bo para a Universidade e para a Facultade transformarse canto antes, e que sendo titulación única e con cadro de profesorado dedicado de forma completa á Universidade tamén era máis doado. Dende o principio o obxectivo foi facer un plano de estudos sinxelo e claro, dunha forma transparente e participativa. Cumpridas estas premisas chegouse finalmente a este Consello de Goberno. Continúa sinalando que non é un plan improvisado senón que se ten chegado a el con moito traballo e esforzo e incorporando potenciais que xa tiñan adquirido durante anos. Destaca tamén que o proceso de aprobación do plano de estudos tivo as súas dificultades lóxicas derivadas das incertidumes que presenta sempre calquera cambio, pero o custe ten sido pequeno posto que se seguiron unhas pautas que permitiron a participación de todo o que quixo ser oído. Finaliza a súa intervención agradecendo o apoio do equipo de goberno e de xente de fora, facendo unha mención especial á vicerreitora de Titulacións e Convergencia europea.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Legido quen agradece primeiramente a celeridade á hora da instalación das tomas de corrente na sala de xuntas. Seguidamente, xa entrando no tema obxecto de debate, dá ánimos a Facultade de Belas Artes por ser a primeira que entra neste proceso de transformación de plano de estudos. Pero considera que este é o momento de debater problemas que se veñen arrastrando e que el mesmo ten sinalado xa. Así, nesta Universidade segue sen existir un regulamento para saber como se elaboran os planos de estudo, aínda que entende que non toda a culpa é do Consello de Goberno, porque tampouco a Xunta ten aprobado a normativa que determine a carga docente do profesor con créditos ECTS. Pese a todo entende que non se pode deixar recaer nun centro e no persoal da Universidade toda a responsabilidade e o esforzo. Non entra na concreta elaboración do plano que xa se expuxo á comunidade universitaria e é consciente de que hai moito traballo detrás pero pon de manifesto a necesidade de ter coidado en canto se poden crear precedentes, destacando que os planos están integrados en ámbitos e iso ten moita repercusión no mesmo. Seguidamente se centra no relativo aos medios materiais e humanos, deixando claro que

debería haber normas para saber a que aterse. Neste sentido solicita que se deixen claras as estratexias de persoal para que os centros saiban a que aterse.

Intervén o Prof. Vidal quen sinala primeiramente que non vai entrar no plano de estudos de Belas Artes e agradece o traballo e o esforzo feito pero lle deixa descolocado o procedemento, porque non entende o empeño en elaborar planos de estudos cando falta normativa da Xunta de Galicia, que este plano que se aproba hoxe non pode contemplar. O mesmo ocorre coa normativa da Universidade. Finaliza a súa intervención sinalando que non entende como se pode ter chegado a unha situación tan irracional de aprobar un plano de estudos sen ter normativa reguladora.

O Prof. Sueiro felicita a Belas Artes polo traballo feito pero fai unha reflexión relativa á dificultade á hora de elaborar un plano de estudos coa previsión de créditos comúns por ámbito e o problema engadido de reducir a catro anos o plano de estudos. Continúa sinalando que atopa una incoherencia no plano de Belas Artes xa que nos obxectivos transversais se fala do dominio da lingua propia e estranxeira, pero despois no plano non existe un procedemento que obrigatoriamente teñan que superar o alumnos para acadar esa destreza. É o problema dos créditos comúns.

Intervén o Prof. Rodeiro para mostrar a súa sorpresa pola última intervención pois tiña claro que no procedemento de aprobación de planos de estudos, se partía dun acordo entre as titulacións do ámbito para materias comúns. A súa sorpresa que iso non se tiña cumprido.

Na quenda de resposta, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea manifesta que, no relativo á normativa que falta sobre esta materia, a Xunta anuncia un documento sobre a carga docente e créditos ECTS, que terá a función de folla de ruta pero que non será unha normativa. En canto á Universidade de Vigo, o documento de directrices para a aprobación de planos de estudos de grado, traerase ao próximo Consello de Goberno, e recorda a vicerreitora que ese documento estivo a exposición pública para facilitar a transparencia e reflexión pola comunidade universitaria.

Centrándose xa no plano de estudos de Belas Artes, sinala que cumpre completamente o que se recolle no documento de directrices e seguiu un procedemento respetuoso con todos os trámites que se recollen no mesmo documento. No que respecta aos recursos humanos, a ANECA fai referencia que non é necesario determinar cal é a persoa concreta que vai participar no plano senón os perfís do profesorado.

Intervén neste punto tamén o Prof. Barcia, quen sinala que efectivamente no plano se incorporou só a información que pide ANECA.

O Prof. Vidal recorda que xa se sinalou neste Consello de Goberno que as titulacións que ían neste primeira fase irían cun procedemento negociado coa vicerreitoría pero reitera a necesidade da aprobación da normativa da Universidade para que os centros poidan traballar con seguridade xurídica.

O Prof. Sueiro manifesta que as competencias transversais de todos o planos de estudos deben ser reflectidas en materias, en módulos ou en actividades complementarias e será nos centros onde se debata sobre este tema.

O Prof. Rodeiro fala novamente dos créditos de formación básica, sinalando que a idea do Ministerio é acompañar ao alumno na súa maduración que ademais permita mobilidades. Nas directrices verase como se pode chegar a acordos entre ramas de coñecemento.

O Prof. Barcia, en relación ao problema das ramas e da formación básica, expón que no caso de Belas Artes o problema é que as titulacións da rama están en distintos ámbitos.

O Prof. Legido considera que é moito máis adecuado perfilar máis no cadro de profesorado. Pregunta se o plan se implanta en bloque ou só en primeiro e dependendo como sexa o plan de actuación, cómo se vai organizar a docencia.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que dende a Facultade de Belas Artes a intención é facer a implantación por bloques, se isto é así os alumnos da licenciatura pasarán ao grao, pero neste momento non se pode saber cantos alumnos se van pasar porque o plano non está aprobado. Do que se trata é de que os alumnos da licenciatura se pasen ao grao e para elo deben ter información suficiente. Sobre este tema traballárase en dous ou tres meses, polo tanto, a decisión final non está tomada.

O Prof. Mejuto pregunta como se vai facer o POD.


O vicerreitor de Planificación reitera que xa están definidos os recursos humanos e ese elenco de profesores será o que se inclúa no POD.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que o POD do novo plan se aprobará despois e a día de hoxe o POD que se ten remitido ao Centro é do plano antigo.

Debátese sobre o tema con intervención do Prof. Legido, o vicerreitor de Planificación e o Prof. Barcia, sinalándose por este último o interese da Facultade de Belas Artes en facer implantación en bloque e que para iso é necesario facilitar aos alumnos que pasen da licenciatura ao grao.

Apróbese o plano de estudos de Belas Artes por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:20 horas do día 13 de febreiro de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O presidente

 José Cidrás Pádre



A secretaria xeral


 Esther M^a González Pillado